

Bases do sorteo dun lote de libros co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil

OBXECTO

Co gallo do 2 de abril, Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, a Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias de Educación sorteará un lote de libros formado por títulos de literatura infanto-xuvenil.

DEPÓSITO DE BASES

As Bases do presente concurso estarán a disposición de calquera persoa que desexe consultalas na [intranet pública](#) da Biblioteca Universitaria.

PREMIOS

Será obxecto do sorteo un lote único formado por títulos de literatura infanto-xuvenil.

PARTICIPACIÓN

A participación no sorteo está limitada a membros da comunidade universitaria que fagan uso das instalacións do punto de servizo da Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación no Campus Norte entre o **24 de marzo e o 1 de abril**.

METODOLOXÍA

As persoas interesadas deberán responder ás preguntas recollidas no formulario de participación, no que incluírán o seu número de TUI, e envíalo entre as 10:00 h do 24 de marzo e as 21:00 h do día 1 de abril. O formulario estará accesible en formato QR nas instalacións da biblioteca da Facultade de Ciencias de Educación, Campus Norte.

O formulario de participación incluírá preguntas relacionadas co Servizo de Biblioteca Universitaria e as coleccións de literatura infanto-xuvenil.

SORTEO

O día 2 de abril ás 12:00 h seleccionárase un número de xeito aleatorio de entre todos os formularios recibidos, a través da ferramenta ÉchaloASuerte.

Resultará gañadora a persoa cuxo número de formulario se corresponda co número resultante do sorteo. A biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación poñerase en contacto coa persoa gañadora a través do correo electrónico institucional, quen contará cun prazo dun mes dende esta comunicación para recoller o lote de libros.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación resérvase o dereito de facer modificacións e tomar iniciativas que non estean recollidas explicitamente nestas bases, sempre que contribúan á mellora do concurso, e non alteren a súa esencia.

A participación no sorteo implica a aceptación destas bases.
